

Código do documento	Código do expediente
<b>UCP13I0039</b>	<b>UCP/2019/1</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
184Q 4W3C 4U0G 1J15 118D	

MMM

APROBADA EN SESIÓN DE 09/05/2019

## ACTA DA MESA XERAL DE CONTRATACIÓN

Na Casa Consistorial de Culleredo, sendo as 10:00 horas do día **15 de xaneiro do ano 2019**, previa convocatoria con especificación dos asuntos a tratar, publicada na plataforma de contratación do sector público, reúnese a Mesa Xeral de Contratación constituída con carácter permanente por acordo plenario do 29 de xuño de 2015, cuxa composición foi modificada por acordo do Pleno en sesión de 22 de febreiro de 2018.

Asistentes:

- Preside a sesión D. Roberto Babío Fernández, xefe de servizo de economía e facenda
- Dna. Pilar María Pastor Novo, secretaria xeral, vocal.
- Dna. Vanesa García Barreiro, interventora municipal, vocal.
- Dna. Karina Paula Díaz Arluna, técnico, vocal.
- D. Manuel Vicente González González, técnico municipal, vocal.
- Dna. María del Carmen Martínez Mosquera, secretaria da mesa de contratación.

C.I.F. P-1503100-H

Polo Sr. Presidente dáse inicio á sesión pasando a examinar os asuntos incluídos na orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 10/10/2018
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 17/10/2018.
3. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 18/10/2018.
4. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 22/10/2018.
5. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 26/10/2018.
6. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 29/10/2018.
7. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 05/11/2018.
8. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 14/11/2018.
9. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 26/11/2018.
10. Aprobación, se procede, da acta da sesión celebrada o 27/11/2018.
11. Xustificación de oferta anormalmente baixa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/1, para adxudicar o contrato de "Aluguer de vehículos para diversos servizos municipais, mediante renting"
12. Valoración criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/1, para adxudicar o contrato de "Aluguer de vehículos para diversos servizos municipais, mediante renting"
13. Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/1, para adxudicar o contrato de "Aluguer de vehículos para diversos servizos municipais, mediante renting"
14. Subsanación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/268 para adxudicar o contrato de "Reforma para o aforro enerxético en alumbrados públicos da Urb. Aguas Mansas".

1 de 5

Código do documento	Código do expediente
<b>UCP13I0039</b>	<b>UCP/2019/1</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
184Q 4W3C 4U0G 1J15 118D	

15. Apertura criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/268 para adxudicar o contrato de "Reforma para o aforro enerxético en alumbrados públicos da Urb. Aguas Mansas"
16. Valoración criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/268 para adxudicar o contrato de "Reforma para o aforro enerxético en alumbrados públicos da Urb. Aguas Mansas"
17. Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/268 para adxudicar o contrato de "Reforma para o aforro enerxético en alumbrados públicos da Urb. Aguas Mansas"
18. Apertura e calificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/270 para adxudicar o contrato de "Pavimentación en la rúa Regueiro",
19. Apertura criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/270 para adxudicar o contrato de "Pavimentación en la rúa Regueiro".
20. Valoración criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/270 para adxudicar o contrato de "Pavimentación en la rúa Regueiro",
21. Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/270 para adxudicar o contrato de "Pavimentación en la rúa Regueiro",

C.I.F. P-1503100-H

A Sra. Pastor Novo, intervén e solicita que os asuntos correspondentes á aprobación das actas queden sobre a mesa, xa que ten diversas observacións que realizar ás mesmas. Por unanimidade acórdase deixar sobre a mesa a aprobación das actas incluídas nos puntos da orden do día dende o 1 ata o 10.

O Sr. Presidente intervén e recorda que na sesión de 10/12/2018, manifestou que ao ser o redactor dos pregos de prescricións técnicas que rexen este contrato e tamén o autor do informe de valoración dos criterios avaliados automaticamente, considera que debe de absterse de participar nas decisións relativas ao expediente UCP/2018/1 para adxudicar o contrato de "Aluguer de vehículos para diversos servizos municipais, mediante renting", polo que a sesión pasou a ser presidida polo presidente suplente sr. Varela Tejedor.

Na sesión actual os puntos 11, 12 e 13 da orde do día, correspóndense co expediente UCP/2018/1 para adxudicar o contrato de "Aluguer de vehículos para diversos servizos municipais, mediante renting", polo que seguindo o mesmo criterio que na sesión anterior, considera que debe de absterse de participar nas decisións relativas ao citado expediente. Non estando presente nesta sesión o presidente suplente, por unanimidade acórdase deixar sobre a mesa os puntos 11, 12 e 13 da orde do día, relativos ao expediente UCP/2018/1.

**14.- Subsanación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/268 para adxudicar o contrato de "Reforma para o aforro enerxético en alumbrados públicos da Urb. Aguas Mansas".**

Recorda o Sr. Babío que na sesión pasada, na que se analizou a documentación administrativa presentada polos licitadores ao procedemento con número de expediente UCP/2018/268 para adxudicar o contrato de "Reforma para o aforro enerxético en alumbrados públicos da Urb. Aguas Mansas", acordouse requirir á empresa TECNICA 4 INGENIEIRA Y MONTAJES, SLU para que completara a solvencia técnica declarada no DEUC ata o mínimo esixido na cláusula 7.1.b.1 do PCAP, concedéndolle un prazo para a súa subsanación ata as 23:59 horas do 13/12/2018. O 12/12/2018 pola empresa presentouse a documentación requirida.

Código do documento	Código do expediente
<b>UCP13I0039</b>	<b>UCP/2019/1</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>184Q 4W3C 4U0G 1J15 118D</b>	

Procédese ao descifrado da documentación presentada, consistente nunha relación dos traballos efectuados nos últimos anos, asinada con data 12/12/2018. Seguindo o criterio establecido pola mesa xeral de contratación en sesión de 05/11/2018 de que a documentación aportada en fase de subsanación deberá estar asinada con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación das ofertas, acórdase excluír a TECNICA 4 INGENIEIRA Y MONTAJES, SLU, xa que a documentación presentada no trámite de subsanación está asinada o 12/12/2018 e o prazo de presentación de ofertas finalizou o 28/11/2018.

**15.- Apertura criterios avaliables automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/268 para adxudicar o contrato de “Reforma para o aforro enerxético en alumbrados públicos da Urb. Aguas Mansas”.**

Seguidamente procédese ao descifrado dos sobres que conteñen a documentación económica dos licitadores admitidos á licitación:

LICITADOR	OFERTA (IVE excluído) Prezo licitación 66.140,07 €
AMYS INGENIERIA SL	45.636,00 €
ELECNOR SA	45.709,46 €
GRUPO MARIÑO OBRAS Y SERVICIOS SL	45.465,00 €
INGENIERIA Y SERVICIOS DE EFICIENCIA ENERGETICA SL	48.642,00 €
INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS SL	35.052,58 €
MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO SL	39.382,55 €

C.I.F. P-1503100-H

Acórdase continuar coa apertura do resto dos actos comprendidos na orde do día, e posteriormente, suspendera sesión para facer as valoracións polos técnicos municipais, por tal motivo a sesión prosigue co punto 18 da orde do día.

**18.- Apertura e calificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/270 para adxudicar o contrato de “Pavimentación en la rúa Regueiro”.**

Polo Sr. Presidente dáse conta que mediante Resolución da concelleira delegada de facenda, patrimonio e contratación núm. 1744/2108, de data 12/11/2018, aprobouse o expediente de contratación do subministro denominado “Pavimentación en la rúa Regueiro”, estableceuse o procedemento de licitación, dispúxose a apertura do procedemento de licitación e a publicación do anuncio na Plataforma de Contratación do Sector Público, e aprobouse o gasto.

Con data 13/11/2018 publicouse anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, sendo a data limite de presentación de ofertas ata as 23:59 horas do día 10/12/2018.

Durante o prazo de presentación de ofertas, presentan ofertas:

- ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA
- ASFALGAL TECNICAS VIARIAS SL
- CANARGA SL.
- EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONESE SA
- FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA SL
- OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU
- SOCIEDAD DE REGENERACIÓN MEDIOAMBIENTAL SL

Código do documento	Código do expediente
<b>UCP13I0039</b>	<b>UCP/2019/1</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>184Q 4W3C 4U0G 1J15 118D</b>	

Seguidamente procédese ao descifrado dos sobres que conteñen a documentación administrativa.

Analizada a documentación acórdase requirir ao licitador ASAFALGAL TECNICAS VIARIAS SL para que, no prazo de 3 días desde a comunicación, subsane as deficiencias apuntada:

LICITADOR	REQUIRIMIENTO
ASFALGAL TECNICAS VIARIAS SL	Deberá de aportar o DEUC cumprimentado adecuadamente, e asinado con anterioridade á data de finalización do prazo de presentación de ofertas (10/12/2018)

O resto dos licitadores son admitidos á licitación.

**19.- Apertura criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/270 para adxudicar o contrato de "Pavimentación en la rúa Regueiro".**

O acto non se celebra entanto non se subsane a documentación.

**20.- Valoración criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/270 para adxudicar o contrato de "Pavimentación en la rúa Regueiro".**

O acto non se celebra entanto non se subsane a documentación.

**21.- Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/270 para adxudicar o contrato de "Pavimentación en la rúa Regueiro",**

O acto non se celebra entanto non se subsane a documentación.

Suspéndese a sesión, sendo as 11:13 horas, para que se realice a valoración das ofertas dos licitadores admitidos ao procedemento UCP/2018/268.

Reanudase a sesión ás 13:00 horas.

**16.- Valoración criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/268 para adxudicar o contrato de "Reforma para o aforro enerxético en alumbrados públicos da Urb. Aguas Mansas"**

Polo Sr. Presidente, dáse conta dos cálculos oportunos efectuados no expediente UCP/2018/268, utilizando para elo o programa deseñado polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela para a Deputación de A Coruña. Resultando que están incursas en presunción de conter valores anormalmente baixos, as ofertas presentadas por:

- INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS SL
- MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO SL

Visto o resultado, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos asistentes, declarar as referidas ofertas incursas en presunción de conter valores anormalmente baixos, e requirir aos licitadores INSTALACIONES ELECTRICAS CORUÑESAS SL, e MONTAJES ELECTRICOS VIZCAINO SL para que no prazo de CINCO DÍAS **xustificuen a súa oferta** segundo o disposto na Cláusula 15.4.3 do PCAP.

A documentación achegada como xustificación será remitida a informe técnico, sendo os criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta os establecidos no PCAP.

Código do documento	Código do expediente
<b>UCP13I0039</b>	<b>UCP/2019/1</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
184Q 4W3C 4U0G 1J15 118D	

Dáse por finalizado o acto, sendo as 13:30 horas, e redactándose a presente acta, que asina comigo o Sr. Presidente, e da que, como secretaria da Mesa de Contratación, dou fe.

C.I.F. P-1503100-H